


Xosé Luís Blanco Campaña

# INTRODUCCIÓN Á CANCIÓN GALEGA



**45**  
ANDEL

XUNTA DE GALICIA

## FUXAN OS VENTOS

Formado a principios dos anos setenta, Fuxan os Ventos déuse a coñecer discográficamente en 1976 cunha cantiga do mesmo título con ritmos autóctonos e protagonizou durante varios anos o primeiro plano da actualidade musical do país. É importante non esquecer este ano, 1976, porque algo vai cambiar no mundo da música galega coa aparición do primeiro disco do grupo músico-vocal lucense. O propio colectivo, por certo, xa deixa ben sentado na tapa do seu primeiro “elepé” cales son os vieiros que queren percorrer.

“Cando a canción –subliñan– é unha necesidade vital, unha expresión máis do xeito de vivir cotián, cando a canción significa compartir mágoas, ledicias, traballo, loita... Cando unha

comunidade sinte todo esto, estamos diante do produto cultural dun pobo. Outro xeito de canción é unha canción morta, adormecedora e alleante”.

Nesta primeira mensaxe, Fuxan os Ventos critica duramente ós que fan “música comercial”. E di o seguinte: “A música galega estivo adormecida, estivo atada e calada por voces alleas que “berraban” máis. Somentes algunhas corais se adicaban a facer música que a meirande parte das veces era un “luxo” para os entendidos en polifonía. Máis tarde, xurdiron os aproveitados de sempre que viron que o feito de cantar en galego podería ser un negocio rentable e lucrativo e, sen ningún compromiso coa realidade, utilizaron o idioma galego para facer unha música somentes comercial”.

Sobre o seu primeiro disco, que, por certo, foi moi comercial, como tódolos demais do grupo, Fuxan os Ventos di que “este feixe de cancións non quer ser máis que o recordo e a dignificación dunha canción popular de hai anos xa, e un boceto de canción galega de hoxe, que partindo de formas musicais galegas, non adormeza, senón que formule a realidade dunha Galicia viva, que por viva canta, pretendendo polo tanto ser o reflexo dun pobo que vive uns problemas nun intre crucial definitivo da súa historia”.

Repasar hoxe os textos deste grupo, e tamén os dos demais, por suposto, serven para ilustrar o que foron as inquiredanzas e as contradicións daquel momento histórico. Neles hai auténticas crónicas “dun tempo e dun país”, como diría Raimon, feitas desde unha posición que naqueles momentos tiña un grande atractivo para un sector da mocidade galega.

Por iso mesmo, había dúbidas sobre se o grupo sería capaz de adaptarse á nova situación que empezou a vivi-lo país, sen

censura, con democracia, en liberdade, cando xa non había que falar en clave nin levar certos problemas ó escenario, senón ó Parlamento, que antes non había, e, certamente, soubo situarse no novo contexto, aínda que lle custou unha grave escisión, que deu orixe á creación doutro conxunto musical importante, A Quenlla, liderado polos ilustres Mini e Mero, o primeiro voz solista dos temas máis exitosos do grupo que o cura Xesús Mato auspiciara en Lugo.